

## O cárcere do partido (I)

## O segundo cárcere modelo de España

Adolfo de Abel Vilela

O 20 de xuño do ano 1768 era nomeado bispo de Lugo o catalán Frei Francisco Armañá. Naquela época había na cidade tres cárceres: o chamado Real, situado no Campo do Castelo; o do bispo para seglares, nunha dependencia da catedral, e o dos eclesiásticos, preto do Real ou da Coroa.

O mal estado destes edificios fixo que o bispo pensase en edificar outro novo no lugar que xa antes ocupara o cárcere Real, pois no ano 1697 o concello reconfece a horta do cárcere público da cidade que ía desde o devandito edificio ó carboeiro, hoxe de Armañá, adquiriu o bispo no mes de maio do ano 1775 para face-lo cárcere, pois tanto o do Castelo como o do Mítra, non eran axeitados ós tempos. Madoz sinala que o lugar elixiuno para aproveitá-lo acueducto romano, referindose á canle ou sumideiro, da que se comprobou a súa existencia nas excavacións realizadas no ano 1987, para evita-las inmundicias.

Xurdíu así un edificio de planta baixa e un piso, todo de cantería, incluso os teitos, que tivo un custo duns douscentos mil reás. Na parte baixa tiña catro calabozos e a coziná, unha porta dividida en dúas partes cunha forte reixa de ferro, rastrillo de entrada e a escala para subir ó sobrado. Ali había outros catro calabozos e unha grande sala chamaada o **presentado**, onde había un oratorio que servía para que os encadeados escoitasen a misa.


Pola parte traseira había un patio para que os condenados puidesen saír a toma-lo aire e o sol. Nunha esquina do edificio o escudo de armas do bispo, e sobre da porta un cartel en latín lembrando a construción.

Na parede situada cara ó Leste do presentado, situado entre dúas ventás, había un cuartíño cos tabiques de madeira, con dúas portas pola parte de adiante que unha vez abertas deixaban ve-lo altar. A luz para iluminar procedía dos vans antes sinalados. O altar estaba embutido na parede e tiña un retábulo pequenín, na que a imaxe principal era un Cristo grande, ben feito, afumado debido ó lume que se facía naquel cuarto. A mesa do altar era boa e tiña a pedra de arা forrada de lenzo.

As alfaias da capelina eran: dúas casulas de damasco, unha flóreada de varias cores co fondo en branco e outra de cor verde e mourada, coas súas estolas e manípulos; outras tantas albas e bolsas para corporais da cor das casulas, un cíngulo e unha mesa de corporais.

Había tamén un cáliz coa lenda de ter sido regalado polo bispo Armañá, coa patena de prata e cullerina dourados, dous manteis, dous velos para cubri-lo cáliz da mesma cor que as casulas, un misal co seu atril, dous candeeiros de bronce, sacras e vinagreiras de folha de lata, e un pano de man. Todo isto gardábase no interior dunha arca coa súa correspondente pechadura.

Mentres se fixeron as obras os presos leváronse ó cárcere



O primeiro cárcere modelo de España foi o de Madrid, o segundo este edificio proxectado por Nemesio Cobreros

feito polo bispo Izquierdo no Campo do Castelo. Con eles fan tres cadeas de cinco varas de longo cada una e cincuenta libras de peso, outra más forte de oito varas e cento vinte libras, oito ferropeas, un cepo de catro varas con dous candallos e as chaves correspondentes.

A pesar de que o 12 de outubro do ano 1820, as Cortes decidiron inutiliza-los calabozos subterráneos a malsans que tiñan os cárceres, cuarteis e fortalezas, así como que non puxesen grillos ós presos, admitíndose só o uso do grillete por razóns de seguridade, despois do trienio liberal, coa volta do absolutismo fernandino, volveron a empregarse. O que xa non se tiñan eran os potros mailos instrumentos empregados para dar tormento, pois dérase a orde de desfazelos.

## Cárcere modelo

Este cárcere resultaba cativa estando sempre chea, ben debida ós presos do país, ou pola estancia nela das cordas que pasaban pola cidade para ser trasladar a outras cadeas. O dia 20 de xaneiro de 1865, o gobernador civil oficia co alcalde, indicándolle que despox de visita-lo cárcere da cidade para obter información sobre o fundamento que tiñan as queixas que lle dirixiran varios dos internados nela "tiven ocasión de observar que o edificio non ten ningunha das circunstancias que a legislación actual exixe nos que teñan que se destinan para este servicio".

Por esta razón ordenou que se reunise a Xunta do Partido co obxecto de acordalo conveniente "para que se proceda á construción dun edificio destinado a cárcere do Partido

segundo ós planos circulados polo Goberno, expresando os recursos cos que poderán correlos pobos entre os cales pódese contar coa cantidade que produza en venda o edificio que na actualidade serve de cárcere público e a subvención con que auxilia a obra o Goberno da S.M."

A reunión fixouse para o día 26 ás doce da mañá. Outeiro de Rei nomeou como o seu representante ó secretario Antonio María Baliño; Castro de Rei de Terra Cha, ó veciño de Lugo Pedro Vila; o concello de Guntín a Carlos Vázquez; Castroverde, a Antonio Ramón Camba; por Corgo asistiu o seu alcalde José Vega, e por Lugo o presidente da Corporación Antonio Rodríguez, que foron os únicos mandatarios locais que asistiron á reunión.

A Xunta deliberou e tendo en

conta que o edificio de Armañá non reunía as condicións hixiénicas nin tiña os departamentos que esixía ó artigo 11 da lei vixente de prisións, como os pobos do Partido estaban moi sobrecargados de contribucións, necesitábase a contribución do Estado debido á importancia da obra. Acordouse a construción do novo cárcere e que a subvención estivese "arreglada á importancia do edificio en proxecto, e como se debe construir nunha capital de provincia e nun partido de maior número de almas que os restantes da devandita provincia".

Na mesma reunión acordouse anuncia-la subasta do cárcere vello, destinándose os ingresos ó novo edificio e que o pagamento se fixese por prazos segundo tivese que recibilos o contratista da nova obra para así conseguir maior precio na venda. O déficit sería satisfeito polo resto dos concellos que formaban o partido xudicial, tendo en conta as riquezas imponibles de cada localidade ou ben a cantidade que os devanditos concellos satisfacían para reparación do edificio, ou o cupo de contribución territorial que cada municipilidád satisfacía ó tesouro.

As cantidades aportadas foron:

Corgo, 31.166,10 pesetas.  
Castroverde, 26.182,17 pesetas.

Castro de Rei, 32.589,40 pesetas.  
Friol, 40.183,51 pesetas.

Guntín, 25.699,85 pesetas.  
Lugo, 89.554,70 pesetas.  
Outeiro de Rei, 23.950,91 pesetas.

Pol, 21.590,71 pesetas.  
A aportación total dos oito concellos ascendeu a 290.537,35 pesetas.

## A comisión xestora

O día 9 de marzo de 1865, o goberno civil enviáballe un escrito ó alcalde no que se dícía que o proxecto, que xa levava tempo elaborado, "foi devolto polo Ministerio da Gobernación para introducir nel algunas modificacións, non é necesario a formación de novos planos e presupostos doutro edificio para os efectos referidos". A falta de documentación fainos supoñer que o citado proxecto foi elaborado polo arquitecto interino provincial Ignacio Ledo, supoñendo que este fose redactado en 1864. No caso de que se fixese con anterioridade sería obra de Angel Losin e Martín. De tódolos xeitos sabemos que estes planos non foron os definitivos, nin cales foron as causas polo que o proxecto tardou doce anos en volver a ser considerado, e vintedous en que fose unha realidade.

En cumprimento do Real Decreto de 4 de outubro de 1877, acordouse a construción dun novo edificio destinado a cárcere, para o que se formou unha xestora presidida polo xuíz de primeira instancia don Francisco Vázquez Quiroga, da que formaban parte o deputado provincial don Juan Paredela Sánchez; o alcalde da cidade don José Castro Freire; o propietario don Bonifacio Paseiro Andújar; o deputado provincial don Antonio Camba Monasterio, o arquitecto provincial don Nemesio Cobreros i Cuevillas; don Juan Salgado Membieta, forense e don António Rodríguez Pérez.